



PLAN DIXITAL

CPR PLURILINGÜE GALAXIA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice

1. Introducción.....	3
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	3
1.3. Breve xustificación do mesmo	5
1.4. Proceso de elaboración	6
2. Situación de partida	6
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	6
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	8
2.3. Análise DAFO.....	9
3. Plan de Acción.....	11
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	11
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	12
4. Avaliación do plan	27
5. Difusión do plan	27

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O noso centro, CPR Plurilingüe Galaxia, está situado na Rúa Estatuto nº 2, no casco urbano do concello de Ribeira (15960), A Coruña. Impártense nel as etapas educativas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato (este último sen concerto).

Contamos no curso actual con 480 alumnos/as, 38 docentes e 5 persoas de administración e servicios.

A nosa web é www.colegiogalaxia.es e o correo cpr.galaxia@edu.xunta.gal.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O concello de Ribeira é de mediana extensión, 65.1 km. cadrados, repartidos entre as nove parroquias que o forman cunha poboación de 27000 habitantes.

Dende comezos de século e ata a actualidade a tendencia da poboación foi dun crecemento continuado excepto na década dos corenta que se rexistrou un leve retroceso. Ten un movemento vexetativo positivo, característica pouco común no resto de Galicia, grazas ao movemento de inmigración que se ven sucedendo nos últimos anos.

O índice de inmigración é cada ano máis alto debido á oferta de emprego xerada no sector da pesca e o marisqueo e a industria conserveira sendo a clave da economía de Ribeira á que se dedica o 32 % da poboación activa. É un dos portos pesqueiros máis importantes de Galicia.

A actividade industrial está moi desenrolada en Ribeira e concéntrase en pequenas e medianas empresas que se dedican sobre todo á comercialización dos produtos do mar, onde a man de obra é fundamentalmente feminina. Tamén son de destacar as industrias que se dedican ós produtos alimenticios e ó transporte.

O sector terciario é cada vez máis importante, destacando dentro deste as actividades de comercio e transporte. Na construción emprégase un 8 % da poboación ocupada, que se dedica basicamente a cubri-la demanda local. A agricultura non é significativa,

destinándose a súa produción a satisfacer-la demanda local. Só se dedica a ela un 3 % da poboación ocupada.

En canto á poboación ocupada segundo a profesión cabe sinalar que case o 10 % son xerentes de pequenas empresas. Tamén hai unha porcentaxe importante de xente, un 6 %, que posúen titulacións universitarias. Un 11 % son traballadores cualificados na agricultura e na pesca, e un 12 % son cualificados na industria e na construción. O número máis elevado constitúeno os traballadores non cualificados que son un 41 %. En canto á poboación parada o número máis elevado rexístrase nos xoves, no sector servicios e na industria. A situación socio profesional dos ocupados indícanos que máis do 80 % teñen o rango de asalariados, tanto fixos como eventuais. En canto ós que dan emprego hai que dicir que se rexistra no concello un 5.1 % do total de poboación ocupada.

Ribeira constitúe un dos concellos máis dinámicos da provincia nos últimos tempos. Trátase dun lugar enmarcado no progreso económico e desenvolvemento empresarial por encima da liña provincial. Demograficamente, a súa natalidade aínda garante o crecemento. A poboación está comparativamente máis rexuvenecida cá galega. Dentro da perspectiva comarcal, o Barbanza presenta uns indicadores moi dinámicos, tanto a nivel xeográfico coma no desenvolvemento do seu tecido económico.

En canto ás características das familias, a maioría pertencen ó concello de Ribeira, hai algúns doutros concellos como Pobra do Caramiñal e Boiro. Hai tamén un pequeno grupo de pais procedentes doutras comunidades autónomas e nos últimos anos un alto porcentaxe doutras nacionalidades: sudamericanos, chineses e marroquinos, sobre todo. Este último grupo presenta, en ocasións, dificultades económicas para acceder aos equipos dixitais.

O nivel de estudos dos pais e nais é moi diverso. Abarca dende persoas sen ningunha titulación ou con graduado escolar ata persoas con titulacións universitarias.

O nivel de estudos é moi similar en ámbolos dous sexos, predominado nos homes os que teñen estudos relacionados coa actividade mariñeira e industrias derivadas, desenvolvendo actividades especializadas; e nas mulleres son maioría as que traballan no sector servicios.

Cada vez é maior o grupo de nais con titulacións universitarias e que ocupan postos de certa relevancia no mundo laboral.

Deste xeito pódese afirmar que os alumnos/as proceden dun ambiente cultural medio.

En canto ás características do alumnado práctica totalidade dos alumnos/as do Colexio Galaxia teñen a súa residencia habitual no Concello de Ribeira. Proceden de familias que se caracterizan por ter maioritariamente dous fillos aínda que tamén abundan os fillos únicos, sendo moi inferior a cantidade de familias numerosas.

A veces o núcleo familiar vese ampliado pola convivencia cos avós, que teñen certa incidencia na vida familiar, xa que nalgunhas ocasións son estes os que levan adiante a atención dos nenos/as, cando os pais traballan fóra da casa, feito que cada vez é máis frecuente.

Os alumnos/as proceden en xeral de familias cun nivel económico medio - alto e non presentan carencias nas súas necesidades básicas de alimentación e hixiene.

- PD vai axudar a que o noso Proxecto Educativo se adecúe máis ás necesidades da nova sociedade na que vivimos, colaborando coa formación dixital do noso alumnado. Asemade estará interrelacionado co Proxecto Lingüístico do centro, xa que o fomento da lingua galega debe ir da par das novas tecnoloxías, desbotando así ese prexuízo que identifica a lingua galega como atrasada e pouco moderna. Unha das grandes aportacións do Plan Dixital ao noso Proxecto Educativo é a minimización da fenda dixital que existe no noso centro debido á situación socioeconómica dalgunhas familias. Esta fenda dixital fai que non podamos participar en determinados proxectos que implican o uso de equipamento dixital, xa que algún alumnado non conta con el na casa e no centro son insuficientes.
- Plan Dixital estará integrado na nosa Programación Xeral anual, o seu funcionamento repercutirá no desenvolvemento das actividades do profesorado e na aprendizaxe do noso alumnado. Consideramos que levar a cabo o Plan Dixital impulsará e motivará a labor ensino-aprendizaxe.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital do centro é un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais nos procesos de ensino-aprendizaxe e nos procesos de comunicación e xestión do centro, co obxectivo de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

A referencia fundamental para desenvolver este plan é o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg). As leis nas que se enmarca son:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O PD foi elaborado polo equipo de Dinamización do Plan Dixital formado pola directora do centro e a profesora nomeada coordinadora para a elaboración do PD.

Ademais da utilización da información do SELFIE e do TCDD, o claustro de profesores participou tamén na súa elaboración con propostas e coa axuda máis específica de profesorado cun nivel máis alto no uso das TIC na súa área ou asignatura. A administración e secretaría tamén aportou datos e información. A opinión das familias e alumnado foi recollida tamén neste plan a través do Consello escolar e a título persoal por parte dalgunha familia.

Os pasos a seguir para a elaboración do plan foron:

- Elaboración da enquisa SELFIE e envío da mesma a través da aula virtual ao alumnado, profesorado e equipo directivo do centro.
- Cumprimentar o TCDD mediante a plataforma Fprofe.
- Realizar a análise DAFO a partir da colaboración do claustro e os datos recollidos nos documentos previos, SELFIE e TCDD.
- Redactar o plan de acción cos obxectivos que se pretenden acadar.
- Elaborar o plan dixital con todos os datos recopilados.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A infraestrutura dixital do centro é moi precaria:

- A conectividade de datos por cable parte da aula de informática e só chega a secretaría, dirección, biblioteca e a unha sala de profesores.
- sinal da rede wifi chega a dúas ou tres aulas, só hai dous puntos de acceso para todo o centro pero son completamente insuficientes. Levamos un ano á espera dalgún máis.
- As infraestruturas de voz (telefonía) realízanse por teléfono fixo e móbil de xeito normal.
- As aulas do centro non dispoñen de PC e só 8 das 27 aulas do centro teñen proxector con altavoces e unha pantalla retráctil. Este equipamento foi comprado grazas á xenerosa achega do ANPA antes da súa disolución fai uns anos.
- Non podemos expornos a incorporación a E-Dixgal dada a falta de conectividade e equipamento.
- Os equipos para xestión e administración que inclúen PC para dirección e xefatura de estudos, PC para xestión e secretaría están obsoletos e foron adquiridos con fondos propios. Hai unha multicopista na biblioteca xestionada a través de renting.
- Hai un só PC na biblioteca que é o que utiliza o profesorado e unha impresora con cartucho de tinta, o que a fai pouco operativa para tanto profesorado.
- Non hai PC na sala de profesores.
- Existe un PC portátil (obsoleto) e un proxector móbil para uso de todo o profesorado que foi adquirido con fondos propios.
- Dispoñemos dunha soa aula de informática con 16 postos de PC (con necesidade de renovación) e unha pizarra dixital, totalmente insuficiente para un colexio de case 500 alumnos. A instalación da aula de informática levouse a cabo grazas a dotación propia.
- Non contamos con ningunha dotación para proxectos específicos.

Os servizos dixitais educativos cos que contamos son:

- Aula virtual: Google Classroom con xestión GSuite para educación que garante a protección de datos do alumnado.
- Páxina web do colexio con acceso a Abalar e aula virtual pero pouco atractiva a nivel visual, sen publicacións acerca das actividades realizadas no centro co alumnado das diferentes etapas.
- Abalarmóbil empregado só para comunicación de calificacións ás familias e envío de notificacións por parte de dirección.
- A xestión de mantemento do equipamento do centro é realizada por unha empresa externa ao colexio. En numerosas ocasións o tempo entre que se da aviso dalgunha incidencia no material e a reparación ou revisión do mesmo é superior ao desexado e interrompe o bo funcionamento.

- Os enlaces ao Plan de continxencia publícanse na web do centro.

Debido á insuficiente infraestrutura e conectividade do centro non podemos aspirar este ano a implantación do Plan Dixital como realmente nos gustaría.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa aparece reflectida na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8	2,8	2,3		
	Profesorado	1,9	1,9	1,8		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7	2,7	2,5		
	Profesorado	1,7	1,7	1,7		
	Alumnado	3	3	2,3		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,8	2,8	2,6		
	Profesorado	1,8	1,8	1,8		
	Alumnado	2,7	2,7	2,4		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5	3,5	3,3		
	Profesorado	1,8	1,8	1,9		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	2,6	2,6	2,9		
	Profesorado	3	3	2,8		
	Alumnado	3,1	3,1	3,4		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,4	2,4	2,6		
	Profesorado	2,3	2,3	2,2		
	Alumnado	2,7	2,7	1,9		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,1	2,1	2		
	Profesorado	1,8	1,8	1,9		
	Alumnado	2,2	2,2	1,7		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3	3,3	3,1		
	Profesorado	2,1	2,1	2,2		
	Alumnado	2,7	2,7	1,9		

Test CDD: información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro e táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no Test CDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>28</u>	<u>38</u>	<u>73,7%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>3</u>	<u>33,3%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>53,9</u>	<u>A2</u>	<u>76,4</u>	<u>B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>47,4</u>	<u>A2</u>	<u>79,2</u>	<u>B1</u>
BAC	<u>37</u>	<u>A2</u>	<u>75,4</u>	<u>B1</u>
EI	<u>24,3</u>	<u>A1</u>	<u>68,2</u>	<u>B1</u>
EP	<u>66,5</u>	<u>B1</u>	<u>77</u>	<u>B1</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>4</u>	<u>13,3%</u>
A2	<u>16</u>	<u>53,3%</u>
B1	<u>8</u>	<u>26,7%</u>
B2	<u>2</u>	<u>6,7%</u>
C1		
C2		
TOTAL		

Outras fontes: reunión do claustro de profesores e opinión das familias.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro realizou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	No centro existen sistemas de protección de datos.	Os equipamentos son moi escasos e non están actualizados.
		Utilizamos servicios educativos corporativos.	Non existen dispositivos dixitais nas aulas para poder ser empregados no labor de docente.
		Adaptación por parte do equipo docente ante os cambios propostos nas metodoloxías de ensino aprendizaxe.	O acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe dixital é insuficiente. A wifi do centro chega a moi poucas aulas ou o sinal é moi débil.
		Aula de informática.	Asistencia técnica insuficiente.
			Só hai un dispositivo portátil propiedade do centro e un ordenador na biblioteca para os docentes. Os propios profesores traen os seus portátiles persoais.
			Escasos espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	PERSONAL DOCENTE		Rexeitamento á renovación de equipos dixitais e ampliación dos mesmos.
		Debátese sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	A falta de equipamento dixital na aula e no centro imposibilitan o ensino-aprendizaxe e o labor docente.
		Interés por buscar e crear recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza.	Pouco apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.
		Utilización de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.	Ausencia de ferramentas de avaliación dos nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
		Utilización de recursos educativos abertos.	Insuficiente uso das TIC para facilitar a colaboración entre alumnado e fomentar a participación en proxectos interdisciplinares e con outras organizacións ou centros.
		Uso das TIC para adaptar o método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.	Nivel A2 en competencia dixital da maioría do profesorado.
		Falta de formación sobre aprendizaxe mixta por parte do groso do equipo docente tanto para atender as necesidades de aprendizaxe como as do contexto socioeconómico.	
	PERSONAL NON DOCENTE	O profesorado reflexiona sobre o DPC e participa nel.	Conservadurismo por parte do profesorado en relación ás metodoloxías e acomodación.
		O profesorado pon todo da súa parte dentro do centro para o uso das TIC utilizando os seus propios dispositivos dixitais.	Non se contempla dentro do horario o tempo adicado á comunicación nin á formación do DPC.
		Profesorado en situación laboral estable.	Insuficiente uso de actividades de aprendizaxe dixital que motivan ao alumnado e fomentan a creatividade.
			Insuficiente uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación interna e externa.
			Falta de tempo para a preparación de materiais dixitais dentro do horario dos docentes.
PERSONAL NON DOCENTE		Experiencia e coñecementos relacionados co posto de traballo.	Insuficientes habilidades en competencia dixital.
		Relación coas familias duradeira e estable.	Acomodación ou temor ao que non se pode controlar no uso de novas TICs.
ALUMNADO		Acceso a dispositivos dixitais ou a conexión estable de internet dunha grande parte do alumnado fóra do centro.	Insuficientes competencias dixitais dunha porcentaxe importante do alumnado.
		O noso alumnado aprende a actuar de xeito seguro e responsable e a identificar a información fiable e precisa en internet.	Acceso limitado a dispositivos dixitais ou a conexión estable de internet dalgúns alumnos en difícil situación socioeconómica.
		Aprende a crear contidos dixitais nalgúns materias.	Non se asegura que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias.
		Aprende a comunicarse utilizando as TIC.	Non saben codificar nin resolver problemas técnicos que xorden.
		O alumnado pode facer o seguemento das súas tarefas a través da aula virtual do centro.	Escasez de dispositivos dixitais que o alumnado pode empregar cando os necesita no centro.

FAMILIAS	As familias reciben comunicación a través da aplicación Abalar móbil.	Acceso limitado a dispositivos dixitais ou a conexión estable de internet dalgúnhas familias en difícil situación socioeconómica.
	As familias poden facer o seguemento das tarefas a través da aula virtual do centro.	Baixa competencia dixital dalgunhas familias.
	As familias reciben información académica a través de servicios dixitais educativos.	Insuficiente uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo: comunicación de faltas de asistencia, de conducta, petición de tutorías,.....
OFERTA	Oferta de todos os niveis educativos (infantil, primaria, secundaria e bacharelato)	Oferta limitada en relación ás materias relacionadas con TICs: informática, robótica,
	Enfoque educativo favorable para o tratamento da diversidade e a inclusión social.	
ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Reflexión no centro sobre o uso das TIC no ámbito educativo.	Non existe unha estratexia dixital.
	Existencia de sistemas de protección de datos.	Falta de apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.
	Uso de servicios educativos corporativos.	Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.
		Non dispoñemos no centro de repositorios ou bibliotecas en liña.
		Pouca promoción para a participación do profesorado en actividades formativas individuais organizadas pola administración.

3. Plan de Acción

No Plan de Acción elaborado para o curso 2022-2023, tivéronse en conta os recursos materiais e humanos. Deste xeito, os obxectivos centraranse na explotación dos recursos que xa temos, como a aula virtual, a web, Abalar móbil,... e a formación do profesorado. Pensamos que tamén é importante ter como obxectivo o traballo colaborativo tratando de usar os recursos dos que dispoñemos así como a iniciativa e aceptación por parte do conxunto do profesorado e persoal directivo de instaurar métodos e ferramentas dixitais no desenvolvemento do seu traballo.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os pasos que se seguiron para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO foi determinar primeiro cales son as nosa fortalezas e tratar de buscar obxectivos nelas. Detectadas as ameazas procuramos convertelas en oportunidades de mellora.

Os obxectivos fixados no Plan de Acción foron establecidos para cubrir en primeiro lugar as necesidades preferentes. Trátase de dotar ao centro do material mínimo esixible para achegarse ao alumnado e actualizarse na labor de ensino-aprendizaxe. Agardamos mellorar a nivel infraestruturas e comunicación.

A información relacionada con cada un dos obxectivos fixados está recollida nas táboas creadas para ese fin, que se poden consultar na páxina 13 deste plan. Nelas fanse constar os elementos cos que conta o centro para afrontar cada obxectivo, cales son os indicadores que permitirán medir a consecución do mesmo, que accións se levarán a cabo, a temporalidade e as persoas responsables do control e seguimento.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O noso centro ten unha grave carencia en canto a infraestruturas dixitais, tanto en equipamento como en conectividade. Por estes motivos, para que o Plan Dixital sexa unha realidade e non quede só nun mero trámite burocrático, solicitamos á administración que dote ou colabore co noso centro en mellorar:

- A infraestructura dixital:
 - Conectividad de datos a internet (por cable e wifi).
 - Rede troncal que conecta diferentes rutas.

- O equipamento:
 - Aulas dixitalizadas: con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.
 - Postos de traballo de xestión e administración no centro.
 - Biblioteca: xestión de catálogo de libros, consulta,...
 - Equipos dispoñibles para uso na sala de profesorado e departamentos.
 - Equipos ultrapotátiles para aula móbil (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos).
 - Aula de informática. (para dar máis acceso ao alumnado a un dispositivo dixital con conexión a internet)

- Servicios dixitais:
 - Acceso ás aulas virtuais da Xunta do mesmo xeito que os centros públicos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área de mellora: prácticas de liderado e gobernanza							
OBXECTIVO 1:	Promover o uso de novas modalidades de ensino-aprendizaxe dixital.					Acadado	
Responsable:	Equipo de directivo.					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Porcentaxe do profesorado que utiliza novas modalidades de ensino-aprendizaxe dixital						
Valor de partida:	10% do profesorado utiliza novas modalidades de ensino-aprendizaxe dixital						
Valor previsto e data:	80% do profesorado utiliza novas modalidades de ensino-aprendizaxe dixital					30/06/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: reunión co claustro para debater e reflexionar sobre os cambios a levar a cabo .	Equipo directivo.	15/09/22	Tempo e espazo para reunirse			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: reunión periódica para seguimento dos cambios introducidos e comentar resultados.	Equipo directivo.	15/02/23	Tempo e espazo para reunirse			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

OBXECTIVO 2:	Usar e dinamizar o uso da web do centro e das redes sociais.			Acadado		
Responsable:	Equipo directivo/webmaster.			Non acadado		
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de publicacións trimestrais.					
Valor de partida:	Publicación inicial de apertura da Web.					
Valor previsto e data:	3 publicacións trimestrais			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: actualizar web cos datos do curso actual.	Webmaster	5/09/22	PC e web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: reunión co claustro para acordar publicacións periódicas e o uso doutras redes sociais.	Webmaster e claustro.	15/09/22	PC e web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: compartir coa comunidade escolar a información do centro usando a páxina web oficial	Webmaster.	Fin de cada trimestre.	PC e web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: colaboración e traballo na rede							
OBXECTIVO 3:	Promover o uso da comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta Abalar Mobil/Abalar Pro .					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de titores que realizan a comunicación coas familias a través do AbalarPro.						
Valor de partida:	Non hai datos por non usarse nunca.						
Valor previsto e data:	80% dos titores realizan a comunicación coas familias a través do AbalarPro.				20/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO3.1: reunión do claustro para valorar utilidades das dúas apps e tomar unha decisión.	Equipo directivo	15/ 9/2022	Tempo e espazo para reunirse			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.2: crear un grupo de traballo encargado da formación e da mentorización para o uso do Abalar móvil/AbalarPro.	Equipo directivo e claustro	30/10/2022	Dispositivos móbiles			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.3: potenciar o uso de AbalarPro/Abalar Mobil mediante o envío de notificacións periódicas	Persoas titoras	20/6/2023	Dispositivos móbiles			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área de mellora: colaboración e traballo na rede							
OBXECTIVO 4:	Crear espazos de colaboración entre profesorado e alumnado das distintas etapas do centro.					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de espazos de colaboración entre etapas do centro						
Valor de partida:	0 espazos de colaboración entre etapas do centro						
Valor previsto e data:	1 espazo de colaboración				20/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO4.1: solicitar o espazo Agueiro	Equipo directivo	15/09/22	Solicitud por medio de correo electrónico.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: solicitar formación sobre o espazo Agueiro a o CAFI	Equipo directivo	15/09/22	Equipos informáticos e persoal para formación.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.3: utilizar o espazo Agueiro como foro e lugar de traballo colaborativo.	Claustro	20/06/23	Equipos informáticos e espazo virtual.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área de mellora: Infraestrutura							
OBXECTIVO 5:	Instalar wifi/internet en todas as estancias do centro					Acadado	
Responsable:	Titularidade do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de aulas con conexión a internet.						
Valor de partida:	20% das aulas						
Valor previsto e data:	100% das aulas				20/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A05.1: despregar a rede wifi para todas as estancias do centro.	Titularidade do centro	5/09/22	Equipamento necesario para que a rede wifi chegue a todas as estancias do centro.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A05.2: solicitar axudas á administración para a instalación da conexión a internet.	Titularidade	15/09/22	Cubrir solicitude no prazo que marque a administración.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A05.3: comprobar funcionamento correcto do sinal.	Profesorado	20/6/23	Pcs e detectar sinal wifi nas aulas.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área de mellora: infraestrutura							
OBXECTIVO 6:	Instalar equipos dixitais nas aulas (proxeutor, pc, encerado dixital, cámara web,...)				Acadado		
Responsable:	Titularidade				Non acadado		
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de aulas con proxectores.						
Valor de partida:	8 aulas con proxeutor						
Valor previsto e data:	26 aulas con equipamento dixital completo			20/06/23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO6.1: Estudar as opcións máis funcionais de equipos dixitais para cada aula.	Coordinadores Tics/Claustro	5/09/22	Información sobre funcionalidades das distintas opcións.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO6.2: Pedir orzamentos.	Titularidade	10/09/22	Prezos dos distintos equipos.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO6.3: Solicitar axudas á administración para a compra dos equipos.	Titularidade	20/06/23	Cubrir solicitude no prazo indicado pola administración.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área de mellora: desenvolvemento profesional							
OBXECTIVO 7:	Realizar cursos para mellorar a competencia dixital do claustro.					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo/Coordinador TIC/Profesorado					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Nivel do profesorado no test CDD						
Valor de partida:	Nivel do profesorado baseado no Test CDD do curso 21-22.						
Valor previsto e data:	Nivel do profesorado ao rematar o curso académico 22-23.				20/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A07.1: reunión inicial do claustro e Equipo Directivo para a detección de necesidades en relación á competencia dixital docente.	Equipo Directivo	30/06/22	Resultados do test CDD		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A07.2: inscrición nunha liña de PFPP axeitada ás necesidades do profesorado.	Profesorado	1/10/22	Fprofe e cubrir formulario.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A07.3: realización do PFPP e valoración final facendo o test de CDD	Profesorado	20/06/23	Fprofe/Test CDD		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: desenvolvemento profesional						
OBXECTIVO 8:	Creación de rúbricas e probas de tests dixitais na AV.				Acadado	
Responsable:	Coordinador TICS/profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe do profesorado utilice as rúbricas e polo menos un test por trimestre					
Valor de partida:	Non hai datos.					
Valor previsto e data:	100% do profesorado utilice as rúbricas e polo menos un test por trimestre			20/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO8.1: creación de grupos de traballo por departamentos ou etapas para a creación de rúbricas e tests dixitais	Coordinador TICS/profesorado	10/09/22	PD: Indicadores y niveles de logro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: elaboración das rúbricas e tests segundo áreas, departamentos, actividades.	Profesorado por áreas.	30/10/22	Modelos de rúbricas e tests e apps para crealos e AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: publicar e poñer en práctica as rúbricas e tests para avaliar na AV.	Profesorado por áreas.	20/06/23	AV, rúbricas e tests		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: contido e currículos							
OBXECTIVO 9:	Crear recursos dixitais para a ensinanza e aprendizaxe.					Acadado	
Responsable:	Coordinador Tics/Profesorado					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de profesores que realizan cursos sobre uso e creación de contidos dixitais para o ensino-aprendizaxe.						
Valor de partida:	20% de profesores que crean recursos dixitais						
Valor previsto e data:	80% de profesores que crean recursos dixitais.				20/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO9.1: formación de grupos de traballo sobre o uso de novas ferramentas.	Coordinador TIC/Profesorado	5/09/22	Tempo para a formación			Aprazada	
						Pendente	
AO9.2: crear recursos dixitais adaptados aos diferentes niveis.	Coordinador TIC/Profesorado	30/10/22	Software necesario			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO9.3: publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados ao currículo das distintas etapas.	Profesorado	Segundo e terceiro trimestre.	Software necesario			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área de mellora: contido e currículos						
OBXECTIVO 10:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado a través de Flipped Classroom e actividades dixitais.				Acadado	
Responsable:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado					
Valor de partida:	30% do alumnado utiliza a AV					
Valor previsto e data:	6 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO10.1: comprobar que profesorado e alumnado está na AV do centro	Persoa Coordinadora TIC	10/09/22	AV e listado de alumnos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.2: publicar as actividades tipo Flipped Classroom nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado da materia	30/11/22	Actividades creadas e AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.3: traballar co alumnado nas actividades da AV	Profesorado da materia	20/06/23	Actividades publicadas na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: prácticas de ensinanza e aprendizaxe							
OBXECTIVO 11:	Participar nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso.					Acadado	
Responsable:	Dirección do Centro e Persoa coordinadora do Plan Proxecta+.					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de proxectos interdisciplinares.						
Valor de partida:	0 proxectos						
Valor previsto e data:	1 proxecto ao longo do curso.				20/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO11.1: acordo e solicitude de participación Plan Proxecta+. E decidir profesorado implicado.	Persoa directora do centro	15/09/22	Solicitude Plan proxecta+			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO11.2: creación dun grupo en Agueiro, asociado ao plan, para coordinación do profesorado participante.	Persoa coordinadora do Plan proxecta+	15/10/22	Equipos informáticos e web Agueiro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO11.3: utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Profesorado de cada grupo/departamento.	20/06/23	Equipos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO11.4: Difusión das actividades do proxecto na Páxina Web	Persoa responsable na páxina web.	Unha vez ao mes dende o inicio do proxecto.	Equipos informáticos. Web do Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO112.5: Obtención de produtos finais TIC.	Profesorado de cada grupo/ departamento	20/06/23	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: prácticas de avaliación						
OBXECTIVO 12:	Empregar a tecnoloxía para facilitar a avaliación do alumnado incluíndo rúbricas e retroalimentación.				Acadado	
Responsable:	Profesor de cada área.				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de aulas que empregaron un cuestionario en dúas áreas.					
Valor de partida:	0 Non se empregan os cuestionarios da AV					
Valor previsto e data:	Todas as aulas empregaron un cuestionario en dúas áreas.			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO12.1: Crear un GT para a formación e elaboración de bancos de preguntas na AV corporativa.	Coordinador Tic	15/09/22	AV, equipos con internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.2: Elaborar bancos de preguntas para a avaliación dos contidos nunha materia nivel.	Profesores de cada área	15/01/23	AV, equipos con internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.3: Empregar os cuestionarios dixitais coa información e retroalimentación axeitadas.	Profesorado	20/06/23	AV, equipos con internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.4: Empregar as rúbricas para a avaliación.	Profesorado	20/06/23	Tablas de rúbricas, AV, equipos con internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: prácticas de ensinanza e aprendizaxe						
OBXECTIVO 13:	Desenvolver proxectos colaborativos empregando a AV/rede Agueiro				Acadado	
Responsable:	Profesorado de cada área				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Nº de proxectos desenvolvidos en cada área					
Valor de partida:	0 proxectos por área					
Valor previsto e data:	1 proxecto por área			20/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO13.1: Formar ao alumnado nos rudimentos básicos da rede Agueiro /AV (en dúas sesións)	Persoas titoras de cada grupo	20/12/2022	Rede Agueiro /AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO13.2: Crear grupos de traballo e concretar os proxectos a desenvolver .	Profesorado de cada área/departamento	20/12/2022	Rede Agueiro /AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO13.3:Elaborar e avaliar os proxectos	Profesorado de cada área/departamento	20/6/2023	Rede Agueiro. Proxectos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Co fin de levar a cabo un control acerca da consecución dos obxectivos, realizaranse dous tipos de avaliación:

Avaliación procesual: realizarase unha vez ao trimestre e valoraranse:

- estado de execución das accións.
- A análise e valoración dos resultados.
- Posibles modificacións.
- Propostas de mellora.

Avaliación final: realizarase ao final do ano escolar e consideraranse os seguintes aspectos:

- Valoración de logro de cada obxectivo (prazos previstos e condicións de aplicación).
- Propostas de mellora.
- Realizar o test de CDD ao finalizar o curso.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan dixital farase a través de:

- A páxina web do colexio/blog do colexio.
- Informes publicados a través do Abalar ás familias.
- Utilización das RRSS (Facebook) para a súa difusión e para compartir as melloras realizadas.